

O GALEGO CAMPA
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



UN BINGO CHEO DE PERSOAS

Tipo de actividade:

Actividade de distensión.

Idade: De 9 a 14 anos.

Participantes: Actividade en grupo.

Duración: 30 minutos.

Materiais:

–Tarxetas do bingo.

Obxectivos:

- Reforzar a cohesión grupal a través do xogo lúdico.
- Reforzar a integración no grupo de cada rapaz ou rapaza.
- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.

DESENVOLVEMENTO

En primeiro lugar, debemos repartir entre as persoas participantes un cartón do bingo como o que se ofrece no modelo, un para cada persoa. Cada cartón contén un total de 25 cadros cunha serie de requisitos, que o monitor ou monitora poderá substituír por outros que considere máis axeitados.

O obxectivo do xogo consiste en completar unha liña (vertical ou horizontal) do cartón o máis axiña posible. Para isto, cada participante terá que buscar persoas do grupo que cumpran os requisitos que se describen en cada cadro; estas persoas deberán asinar no cadro correspondente.

Cando un participante dea completado unha liña horizontal ou vertical con todas as sinaturas, exclamará: "Fixen liña e ben axiña!". O monitor ou a monitora comprobará que, efectivamente, a liña está completa e esta persoa será quen gañe.

OBSERVACIÓNS

Para dinamizar o xogo podemos poñer música de fondo, elaborar agasallos con anterioridade para as persoas que vaian facendo liñas etc.

No web www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa están descargables as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.



UN BINGO CHEO DE PERSOAS

Una persoa que non saiba nadar

Unha persoa que teña un can

Unha persoa que use lentes

Unha persoa que coñeza unha lingua diferente ao galego e ao castelán

Unha persoa que nacesse noutro país

Unha persoa que teña unha motocicleta

Unha persoa que hoxe comese nun restaurante

Engade a túa propia sinatura

Unha persoa que saiba fritir un ovo

Unha persoa que toque un instrumento musical

Unha persoa que teña unha irmá

Unha persoa que teña o cabelo escuro e longo

Unha persoa que estivese en Francia

Unha persoa que leve chancletas

Unha persoa que nacesse no mesmo mes ca ti

Unha persoa con camiseta de cor branca

Unha persoa afeccionada á fotografía

Unha persoa que pese o mesmo ca ti

Unha persoa que teña bicicleta

Unha persoa que leve unha viseira

Unha persoa que teña os ollos azuis

Unha persoa que levase unha nota alta en Matemáticas

Unha persoa que xogue ao baloncesto

Unha persoa que teña un gato

Unha persoa que tivese algunha fractura de óso

